

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PARQUES BIOSALUDABLES EN BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas do día 8 de marzo de 2017 réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para a contratación da obra de parques biosaludables en Bertamiráns e Milladoiro.

ASISTENTES:

Presidente:

José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de obras do Concello.

Vogais:

- Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

- **Secretario:** Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de data 7 de febreiro de 2017, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Deputación Provincial da Coruña deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa SYR-AMG SLU que ofertou unha baixa dun 35,01 %, a presentada por MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, que ofertou unha baixa do 38,10 % e a presentada pola empresa NOVATILU SLU, que ofertou unha baixa do 42,59 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax (medio elixido polas empresas licitadoras para as comunicacións entre as dúas entidades) á empresa SYR-AMG SLU, MECANO OBRAS Y REFORMAS SL e NOVATILU SLU concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa polas empresas SYR-AMG SLU e NOVATILU SLU douselle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da documentación presentada polas dúas empresas referidas.


A técnica do Concello emite un informe, para cada unha das empresas, con data de 4 e 6 de marzo de 2017, que transcritos literalmente dín:



Pza. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA SYR-AMG,SLU RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO), DAS OBRAS DE PARQUES BIOSALUDABLES EN BERTAMIRANS E MILLADOIRO,

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun orzamento de licitación máis IVE de 30.475,02€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 23.375,47 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, a 22.211,94€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 19.990,75€, que supón un 34,70% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

SYR-AMG,SLU: 19.805,62 €[35,01% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A documentación que achega a empresa consta de:

- Declaración de que a empresa basea a viabilidade económica-financieira e técnica da súa proposta económica na redución dos gastos xerais e do beneficio industrial e en que teñen persoal e maquinaria propia.

Avaliación da documentación aportada:

Do exame da documentación aportada, compróbase que a empresa basea a viabilidade da oferta presentada nunha afirmación xenérica de que poden reducir os seus gastos xerais e beneficio industrial por tratarse dunha empresa nova en constante crecemento, que ten maquinaria amortizada practicamente na súa totalidade e persoal altamente cualificado .

Non se xustifica en que porcentaxe reducen os gastos xerais e o beneficio industrial e tampouco xustifican o resto de afirmacións.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que os argumentos aducidos por esta consisten en afirmacións xenéricas, **non xustificadas adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable**".

Polo que respecta ó informe sobre a documentación presentada pola empresa NOVATILU SLU, a técnica do Concello realizou a valoración que transcrita literalmente dí:

INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA NOVATILU,S.L.U., RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO), DAS OBRAS DE PARQUES BIOSALUDABLES EN BERTAMIRANS E MILLADOIRO,

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun orzamento de licitación máis IVE de 30.475,02€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 23.375,47 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, a 22.211,94€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 19.990,75€, que supón un 34,70% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

NOVATILU, SLU: 17.496,05€ [42,59% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A empresa ten presentado unha documentación co seguinte contido:

- Cadro no que se desagrega o orzamento nos seguintes conceptos: custo de produción, transporte, instalación, beneficio industrial e gastos de xestión, e que ten como resultado o orzamento ofertado polo licitador .
- Memoria xustificativa na que se indica que a empresa é fabricante dos elementos prescritos no proxecto, e que polo tanto dispoñen da capacidade de produción e aprovisionamento de materias primas. Tamén se indica que contan co acordos de colaboración con instaladores locais para a instalación dos elementos. Outros argumentos expostos son que a actividade de NOVATILU, SLU, lévase a cabo en Barcelona, nunhas instalacións que cumpren os requisitos técnicos e dispoñen de equipamento para atender calquera necesidade de produción e fabricación. Por último, sinálase que os produtos ofertados están en promoción por implantación da Gama PLAY na zona, e que o Concello de Ames e a Comunidade de Galicia son zonas de implantación prioritaria para situar o seu produto.

Avaliación da documentación aportada:

O licitador achega un orzamento desagregado en conceptos xerais, aos que lles asigna un importe económico, pero que non está avalado por ningún análise comparativo co proxecto nin ofertas de subministradores. Por tal motivo, non é posible valorar ese datos en relación coa viabilidade da súa oferta: a empresa asigna uns importes, pero poderían ser calquera outros.

Un dos argumentos empregos pola empresa para xustificar a súa baixa é que fabrican os elementos de xogo prescritos no proxecto. Este é un dato certo, xa que na páxina web da empresa figuran os citados elementos; e certo é, tamén, que o feito de ser fabricantes supón unha vantaxe cualitativa en relación con outras ofertas. Porén, a xustificación presentada céntrase exclusivamente nestes elementos, pero nada di doutras partes da obra non menos importantes, como son as soleiras e os pavimentos sintéticos.

Por outra banda, dado que no documento xustificativo faise referencia a que conta con acordos de colaboración con instaladores locais, debería ter aportado cartas de compromiso dos provedores, instaladores.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que, no seu conxunto, **non xustifica adecuadamente a oferta económica presentada, polo que se informa de xeito desfavorable.**


Tendo en conta que a empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL non presentou a documentación requirida para xustificar a súa baixa considerada desproporcionada debendo ser excluída do procedemento de licitación e considerando que as empresas SYR-AGM SLU e NOVATILU SLU non xustificaron a baixa temeraria na que incorreran e polo tanto deben ser excluídas da licitación, procédese (de acordo co programa de valoración de ofertas da Deputación) a deixar constancia da puntuación correspondente ás ofertas económicas das demais empresas presentadas, ó procedemento, e que xa non estan incursas en situación de baixa temeraria, segundo consta na acta levantada ó efecto da reunión da mesa de contratación do día 7 de decembro. O resto de empresas admitidas na licitación obtiveron a seguinte puntuación:

Tipo de licitación con IVE: 30.475,02 .- Euros

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
YOÑI TUÑAS, SL	28.037,02	9,80
COVIASSTEC, SL	23.605,95	25,80
CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL	24.989,50	20,81
LAPPSET ESPAÑA, V.R, SL	20.071,63	34,71
BRISA ESCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SL	25.269,21	19,80
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL	26.004,34	17,14
EXCAVACIONES POSE, SL	26.015,00	17,11
HPC IBERICA, SA	21.783,07	30,53
ZONA DE OBRA O ROSAL, SLU	23.541,95	26,04
IDG INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, SL	24.200,00	23,66
ALCOMTE GALICIA, SL	22.385,00	29,06
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL	24.227,64	23,56
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, SLU	20.317,58	34,11
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, SL	21.102,40	32,19
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	26.299,94	16,08
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, SL	26.479,75	15,43
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, SL	20.346,44	34,04
CONSTRUCCIONES SECUNDINO RAMOS, SL	26.500,01	15,35
CETA CONTRATAS, SL	23.746,31	25,30
COVISAM, SL	24.175,80	23,75
EXCVACIONES MIDON, SL	21.408,70	31,44
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL	21.180,14	32,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	28.808,04	7,02
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL	23.541,96	26,04
JARDINERIA ARCE, SL	20.326,84	34,08
BRICANTEL ESPAÑA, SL	24.186,69	23,71
TERRAUGA PROYÉCTOS Y OBRAS, SL	21.280,68	31,75
JARDINCELAS, SL	26.784,50	14,33
VERTEBRA AMBIENTAL, SLU	25.233,34	19,93

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
LAPPSET ESPAÑA, V.R, SL	20.071,63	34,71
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, SLU	20.317,58	34,11
JARDINERIA ARCE, SL	20.326,84	34,08
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, SL	20.346,44	34,04
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, SL	21.102,40	32,19


CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL	21.180,14	32,00
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, SL	21.280,68	31,75
EXCVACIONES MIDON, SL	21.408,70	31,44
HPC IBERICA, SA	21.783,07	30,53
ALCOMTE GALICIA, SL	22.385,00	29,06
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL	23.541,96	26,04
ZONA DE OBRA O ROSAL, SLU	23.541,95	26,04
COVIASSTEC, SL	23.605,95	25,80
CETA CONTRATAS, SL	23.746,31	25,30
COVISAM, SL	24.175,80	23,75
BRICANTEL ESPAÑA, SL	24.186,69	23,71
IDG INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, SL	24.200,00	23,66
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL	24.227,64	23,56
CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL	24.989,50	20,81
VERTEBRA AMBIENTAL, SLU	25.233,34	19,93
BRISA ESCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SL	25.269,21	19,80
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL	26.004,34	17,14
EXCAVACIONES POSE, SL	26.015,00	17,11
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	26.299,94	16,08
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, SL	26.479,75	15,43
CONSTRUCCIONES SECUNDINO RAMOS, SL	26.500,01	15,35
JARDINCELAS, SL	26.784,50	14,33
YOÑI TUÑAS, SL	28.037,02	9,80
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	28.808,04	7,02

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas SYR-AMG SLU, NOVATILU SLU por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreron coa súa proposta económica e a empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL por non presentar a documentación requirida para xustificar a súa proposición económica considerada, pola mesa de contratación, como desproporcionada.

Segundo.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adjudicación da realización das obras de parques biosaludables en Bertamiráns e Milladoiro á empresa **LAPPSET ESPAÑA VR, SL** con CIF B-60961554 no prezo de dezaseis mil cincocentos oitenta e oito euros e doce céntimos (**16.588,12.- Euros**), máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de tres mil catrocentos oitenta e tres euros e cincuenta e un céntimos (**3.483,51.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adjudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e vinte e dous minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



